



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-17M3-A festa de Luísa

Luísa foi unha muller intelectual e polifacética (docente, escritora, filóloga e violinista) que avogaba por un ensino de calidade e foi definida polo seu alumnado como unha docente vocacional.

Dende as súas aulas botou a andar revistas escolares, clubs de lectura, recitais de poesía e mesmo un grupo de teatro.

E que mellor xeito de coñecer esta muller solidaria e reivindicativa, que a través da nosa "Festa de Luísa". **Comeza a festa!!!**

Achega

- ▶ Arquivo .png do taboleiro para imprimir.
- ▶ Arquivo .stl das fichas de xogo en versión 3D e en .png para as fichas en 2D.
- ▶ Arquivo .stl do dado (opcional).
- ▶ Cartón ou cartón-pluma para facer a base do taboleiro (opcional).
- ▶ Material complementario coas tarxetas e as instrucións de xogo.

Observa

- ▶ Luísa foi unha prolífica escritora de poesía, teatro, ensaios, narrativa, artigos, traducións... Adentrádevos na aventura de coñecer máis polo miúdo a súa obra. Poderíades nomear algún dos seus libros de poesía?

Indaga

- ▶ O día 17 de maio celebramos o **Día das Letras Galegas**. Esta conmemoración foi creada no ano 1963 pola Real Academia Galega. Cada ano dedícase a unha persoa que destaca pola súa creación literaria en galego e pola defensa da nosa lingua. Sabedes por que foi elixida a dita data para esta homenaxe? Poden ser homenaxeadas persoas vivas? Que persoas foron homenaxeadas con anterioridade? Foron máis homes ou máis mulleres? Por que? Propoñede algunha escritora para futuras edicións das Letras Galegas.

Prototipa

- ▶ Imprime o taboleiro de xogo en A3 (podedes plastificalo se queredes) e pegádeo sobre unha base de cartón ou cartón-pluma.
- ▶ Imprime as fichas de xogo (tedes a opción de facer fichas en 2D ou imprimilas coa impresora 3D).
- ▶ Buscade un dado ou imprime en 3D o modelo achegado.
- ▶ Ordenade as tarxetas de xogo por temáticas (RESPONDE-DEBUXA-INTERPRETA-RECITA-SABÍAS QUE?) en cinco montóns.
- ▶ Xa estades listos/as para comezar a xogar. A pasalo ben con Luísa!!
- ▶ Tras probar o xogo, animádevos a investigar sobre a nosa personaxe e a crear novas tarxetas para ampliar as posibilidades da partida.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

